



## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 25 DE ABRIL DE 2016**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día vinte e cinco de abril de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 445 de data 18 de marzo de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona María Jesús Gómez González, don Ramón Boga Moscoso e dona Josefa Vázquez Soto.

Faise constar que asiste á sesión dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 18 de abril de 2016**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 18 de abril de 2016 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

### **2º.- Boletíns e correspondencia**

- Escrito do presidente do Consello Consultivo de Galicia, rexistrado de entrada co número 0/3229 o día 22 de abril de 2016, no que comunica que o día 12 de abril se publicou no DOG, número 69, a Lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, normativa que entrou en vigor o día seguinte da súa publicación. Con motivo desta modificación, informa da nova posibilidade que se atribúe ás entidades locais para solicitar do Consello Consultivo de Galicia a emisión de informes en asuntos de especial transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia. Respecto da tramitación e do procedemento a seguir para a solicitude destes informes, así como para aclarar calquer dúbida que poida xurdir sobre este tema se pon a disposición a fin de prestar a colaboración e o apoio necesarios.

- Resolución de 18 de abril de 2016, conxunta das Secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Administracións Públicas, Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, pola que se ditan instrucións para a aplicación efectiva, no ámbito do sector público estatal, das previsións da disposición adicional duodécima da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016. (Boletín Oficial do Estado número 96, do 21 de abril de 2016).
- R.P. 2016/8121, resolución do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións do programa FO201: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de actividades culturais, durante o ano 2016. Figura o Concello de Cambre co obxecto “actividades da casa da Cultura 2016 e as novas tecnoloxías máis cerca 2016”, cun importe de subvención de 5.492,99 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 75, de 21 de abril de 2016).
- Resolución do 5 de abril de 2016, da Axencia Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos Premios Camiño de Santiago e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 76, do 21 de abril de 2016).
- Resolución número 8158, do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego, de concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FOAYIA: convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para investimentos de promoción económica durante o ano 2016. Figura o Concello de Cambre co obxecto “mellora do parque da rúa Francisco Rodríguez, O Graxal, O Temple”, cun importe de subvención de 14.979,20 euros. (Diario Oficial de Galicia número 74, do 20 de abril de 2016).
- Resolución do 12 de abril de 2016, da Axencia Galega de Servizos Sociais, pola que se convoca o procedemento de adjudicación de prazas para fillas e fillos do persoal da Xunta de Galicia nas escolas infantís para o curso 2016/17. (Diario Oficial de Galicia número 75, do 21 de abril de 2016).
- Orde do 31 de marzo de 2016, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, e se procede á súa convocatoria (ED115A). (Diario Oficial de Galicia número 74, do 19 de abril de 2016).
- RP 2016/7574, resolución do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa Foaxca: subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de servizos sociais no ano 2016. Figura o Concello de Cambre co obxecto “servizo de axuda no fogar”, cun importe de subvención de 29.883,79 euros. (Diario Oficial de Galicia número 72, do 18 de abril de 2016).
- Orde do 4 de abril de 2016, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases do programa Deseñando o teu futuro e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 73, do 18 de abril de 2016).

### **3º.- Expedientes de contratación**



### **3.1.- Contratación mediante procedemento aberto multicriterio, do servizo de produción e contratacións artísticas do XXV Festival "Rock in Cambre" 2016. Expediente: 2016/C006/000004**

O coordinador de cultura e educación, coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, Tradicións Populares e Deportes elaborou, con data do 7 de abril de 2016, o informe-proposta para a adxudicación da produción e contratacións artísticas do XXV Festival Rock in Cambre 2016, e mailas prescricións técnicas que rexerán para o seu desenvolvemento, que fóron asinadas o día 19 de abril de 2016, cun presuposto de execución por contrata total de 85.305,00, IVE incluído. O contrato ten por finalidade fomentar entre os veciños máis novos do concello e a comarca un aproveitamento máis racional do ocio e tempo de lecer, apoiar aos xóvenes creadores, e fomentar o acceso da mocidade ás realizacións artísticas e á formación de hábitos de consumo cultural, á vez de promocionar novos valores no terreo artístico da música, e acercar ao público xoven a eventos de carácter cultural e lúdico.

Existe consignación orzamentaria na aplicación 334.22609, por importe suficiente para facer fronte aos gastos desta contratación, segundo documento de retención de crédito emitido pola Intervención Municipal con data do 11/04/2016.

Consta ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria e mailo interventor municipais de data 20 de abril actual, favorable á aprobación do expediente de contratación.

Vista proposta da Alcaldía, de data 20 de abril de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

**Primeiro:** Incoar expediente de contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación documental simplificada), para adxudicar a contratación da produción e contratacións artísticas do XXV Festival "Rock in Cambre 2016", que se desenvolverán durante os días 12 e 13 de agosto de 2016, (e madrugadas dos días 13 e 14 seguintes), cun valor estimado de 70.500,00 euros, e un orzamento total de execución por contrata de 85.305,00 euros, IVE incluído, isto en aplicación do establecido nos artigos 157 ao 161 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, e artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, por canto, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, e non só ao seu prezo (exp. 2016/C006/000004).

**Segundo:** Aprobar o gasto, por importe de 85.305,00 euros, por conta da aplicación orzamentaria 334.22609

**Terceiro:** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, e mailo de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.



**Cuarto:** De conformidade co establecido no art. 89.2 do TRLCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, atendendo ao breve prazo de execución do contrato, os prezos das prestacións comprendidas neste contrato, non poderán ser obxecto de revisión e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

**Quinto:** Aprobar o expediente de contratación incoado e publicar o correspondente anuncio de licitación no BOP, no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, e máis na Plataforma de Contratos de Galicia, de conformidade co disposto polos artigos 142 e 53 do Real decreto lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, e na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares, publicando, ademais, un anuncio indicativo nun dos diarios de maior tiraxe na Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.2.- Adxudicación do servizo de grúa para a retirada dos vehículos das vías públicas, traslado e depósito á nave correspondente, para o Concello de Cambre. Contrato menor. Expediente: 2016/C002/000004**

O inspector da Policía Local municipal propón, coa data do 17 de marzo de 2016, a contratación externa dun servizo para a prestación, por un período máximo de sete meses, do servizo de grúa para a retirada dos vehículos das vías públicas, traslado e depósito á nave correspondente, para o Concello de Cambre, achegando á proposta as prescricións técnicas para o desenvolvemento dos traballos, por un importe máximo de 17.500,00 euros, IVE incluído.

Para esta finalidade, solicitáronse presupostos a dous licitadores capacitados, que constan no expediente, formulándose proposta de adxudicación polo inspector da Policía Local municipal, coa data do 7 de abril de 2016, a prol da entidade "Setex-Aparki, S.A.", xa que foi a única que presentou a súa oferta consonte aos requisitos contemplados na invitación cursada, comprometéndose á realización do contrato polo importe mensual de 2.495,00 euros.

A segunda entidade invitada a participar na licitación, "Ingesser Atlántica, S.L.", non presentou oferta económica, limitando a súa proposición á presentación da documentación técnica, co que incumple o establecido no artigo 145 do Real decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público.

A Intervención Municipal emitiu documento de retención de crédito de data 21 de marzo de 2016.

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos contratos de servizos, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 18.000 euros, que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Incoado expediente de contratación, n.º 2016/C002/000004, emitiuse informe favorable pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral da Corporación, con data do 20 de abril de 2016.

Vista proposta da Alcaldía, de data 20 de abril de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

**Primeiro:** Aprobar a proposta formulada polo inspector da Policía Local municipal, para a contratación externa por un período máximo de sete meses, do servizo de grúa para a retirada dos vehículos das vías públicas, traslado e depósito á nave correspondente, para o Concello de Cambre, por un importe máximo de 17.500,00 euros, IVE incluído, así como as prescricións técnicas para o desenvolvemento do servizo.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 133.22709

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expte n.º 2016/C002/000004 do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, por canto o importe do servizo é inferior a 18.000,00 euros.

**Cuarto:** Excluir da licitación a proposición formulada pola empresa "Ingesser Atlántica, S.L.", por non incluír nela a súa oferta económica, incumprindo deste xeito o establecido no artigo 145 do Real decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público.

**Quinto:** Adxudicar o servizo no prezo ofertado de 2.495,00 euros mensuais IVE incluído, (máximo total de 17.465,00 euros IVE incluído), á entidade "Setex Aparki, S.A." con CIF A-28958247 e domicilio na rúa Zurbano nº 76, 28010 Madrid.

O servizo comezará a prestarse unha vez se notifique o presente acordo, e terá unha duración máxima de sete meses, durante os cales se tramitará o correspondente expediente licitatorio, que se incoará de xeito inmediato, polo procedemento que corresponda en atención ao seu prazo de execución e importe total, e ata que se produza a súa adxudicación.

**Sexto:** De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

**Setimo:** Désígnase como responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ao inspector da Policía Local de Cambre, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Oitavo:** Notifíquese aos interesados, con indicación dos recursos que procedan, así como ao Departamento de Intervención e á técnica de xestión de Administración xeral-responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.

**4º.- Proposta de aprobación do proxecto corrixido correspondente á obra "Nueva red de saneamiento en la Calle, Pravio, Cambre", incluído no Plan Aforro e Investimento (PAI) 2016 como plan complementario**



O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria e urxente do día 16 de marzo de 2016 acordou, entre outros asuntos, participar no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se inclúe, dentro do plan complementario, a obra “Nueva red de saneamiento en la Calle, Pravio, Cambre”, e aprobar o correspondente proxecto técnico elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, Elena Bartolomé Delanoë, cun orzamento de execución por contrata de 63.586,35€.

Coa data do 15 de abril de 2016, recíbese escrito procedente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, de “Requirimento ao concello sobre a documentación presentada telematicamente na convocatoria PAI-OBRASSUM 2016” no que se require a subsanación das seguintes deficiencias atopadas:

*“Na supervisión técnica, non indican se as obras afectan á estabilidade, seguridade ou estaqueidade, segundo o disposto no artigo 125 do Texto Refundido da Lei de Contratos.*

*Non se acredita documentalmente que o Concello xa conta coas autorizacións indicadas no informe técnico (Estradas do Estado, Patrimonio Cultural e Infraestructuras) ou que xa solicitou, xuntando os correspondentes documentos.*

*No prazo de execución indican 4 meses e o programa de traballo ven cuantificado por 4 semanas”*

Visto o informe emitido por Dna. Elena Bartolomé Delanoë, enxeñeira técnica de obras públicas municipal, ao que se achega o proxecto corrixido segundo o requirimento de referencia.

Vista a Providencia do concelleiro-delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, de data 21 de abril do ano que andamos, favorable á proposta de modificación do proxecto formulada pola enxeñeira técnica municipal.

Tendo en conta que é necesario que o proxecto corrixido estea na Deputación Provincial antes do día 27 de abril de 2016, e que o pleno ordinario será o vindeiro día 27 de abril, con base na delegación de competencias efectuada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo.

Vista proposta da Alcaldía de data 21 de abril de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

**Primeiro:** Aprobar o proxecto corrixido correspondente á obra “Nueva red de saneamiento en la Calle, Pravio, Cambre”, elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal que suscribe, cun orzamento de execución por contrata de 63.586,35 €, incluído no Plan Aforro e Investimento (PAI) 2016 como plan complementario.

**Segundo:** Elevar a presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar, para a súa ratificación.

**5º.- Proposta de aprobación de certificacións de obra correspondentes á obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015.**

**denominada “Seguridade Viaria na AC-214 e renovación da rede de abastecemento entre Fraiz e A Mota, (AC-214)”.**

Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que constan no expediente para a súa aprobación as seguintes certificacións de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e o director facultativo da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA REGISTRO
2015/C003/000001	Excavaciones Y Obras Candal, S.L.	B15496219	1ª certificación obra Seguridade Viaria na AC-214 e renovación da rede de abastecemento entre Fraiz e A Mota, (AC-214)	40.490,71€	F/2016/615	24/02/2016
2015/C003/000001	Excavaciones Y Obras Candal, S.L.	B15496219	2ª certificación obra Seguridade Viaria na AC-214 e renovación da rede de abastecemento entre Fraiz e A Mota, (AC-214)	78.514,60€	F/2016/936	16/03/2016

Comprobado o cuadro aritmético das mesmas e a non variación de feito respecto aos proxectos de obra.

Visto que constan no expediente facturas debidamente asinadas polo responsable do contrato e alcalde ou concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto.

Vista proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, de data 22 de abril de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar as seguintes certificacións de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE CERTIFICACIÓN
2015/C003/000001	Excavaciones Y Obras Candal, S.L.	B15496219	1ª certificación obra Seguridade Viaria na AC-214 e renovación da rede de abastecemento entre Fraiz e A Mota, (AC-214)	40.490,71 €
2015/C003/000001	Excavaciones Y Obras Candal, S.L.	B15496219	2ª certificación obra Seguridade Viaria na AC-214 e renovación da rede de abastecemento entre Fraiz e A Mota, (AC-214)	78.514,60 €

Segundo: Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos.

**6º.- Proposta de aprobación de certificacións de obra correspondentes á obra incluída no Plan DTC 93: Unha Deputación para todos os concellos, Adicional 1/2014, anualidade 2014, denominada “Renovación do firme dos camiños municipais de Balado ao Drozo, e do Toural á Pena da Nosa Señora, Cambre 2014”.**

Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que consta no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e o director facultativo da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA REXISTRO
2015/C003/000005	Canarga, S.L.	B-15360902	1ª certificación de obra Renovación do firme dos camiños municipais de Balado ao Drozo, e do Toural á Pena da Nosa Señora, Cambre 2014	8.435,67 €	F/2016/637	29/02/2016

Comprobado o cuadre aritmético da mesma e a non variación de feito respecto aos proxectos de obra.

Visto que consta no expediente factura debidamente asinada polo responsable do contrato e alcalde ou concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto.

Vista proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, de data 22 de abril de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE CERTIFICACIÓN
2015/C003/000005	Canarga, S.L.	B-15360902	1ª certificación de obra Renovación do firme dos camiños municipais de Balado ao Drozo, e do Toural á Pena da Nosa Señora, Cambre 2014	8.435,67 €

Segundo: Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos.

**7º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 15 ao 21 de abril do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 607/2016 e remata coa resolución da concelleiro delegado da área de Servizos e Xuventude número 644/2016, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
607/2016	15/04/2016	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con



		reparos da Intervención (IDYDOC, AIE e máis) por importe total 129.656,64 euros
608/2016	15/04/2016	Baixas de oficio no padrón municipal de habitantes
609/2016	15/04/2016	Convocatoria da Xunta de Goberno Local do 18 de abril de 2016
610/2016	15/04/2016	Convocatoria para o día 20 de abril, ás 19:50 horas, da sesión extraordinaria das Comisións Informativas creadas o 2 de xullo de 2015, para aprobación da última acta
611/2016	15/04/2016	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas, para o día 20 de abril de 2016, ás 20:00 horas
612/2016	15/04/2016	Baixa de oficio no padrón municipal de habitantes da menor VM
613/2016	15/04/2016	Expediente incoado para a execución subsidiaria da demolición dun porche e un muro en finca situada en Estrada da Estación, Cambre
614/2016	15/04/2016	Expedientes sancionadores de tráfico: DIM (P 3524)
615/2016	18/04/2016	Corrección erro resolución número 461/2016 do 21 de marzo de 2016 de concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a ESG
616/2016	18/04/2016	Aboamento cartas de Pago emitidas pola Xunta de Galicia en virtude de procedemento de reintegro SI435B núm. expediente 2014/77-0 e solicitude de devolución de ingresos indebidos
617/2016	18/04/2016	Desestimación da solicitude de inscrición no RMAV da Asociación de Empresarios do Polígono do Espírito Santo
618/2016	18/04/2016	Número de inscrición da Asociación Musicambre no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais (RMAV)
619/2016	19/04/2016	Conceder a autorización apertura da urna sinalada coa letra "D", do panteón perimetral nº 111, no cemiterio municipal de Cambre, solicitada por dona MMSG co fin de inhumar o cadaver da súa nai dona CDG
620/2016	19/04/2016	Aprobar a relación de admitidos no programa de actividades Casa da Cultura xaneiro-xuño 2016. Aprobar a liquidación do prezo público por actividades culturais por un importe de 3.542.85 euros
621/2016	20/04/2016	Conceder a licenza municipal para instalar dous calefactores na fachada da pulpeira situada na rúa Pintor Pablo Manzano, Cambre. Solicitante: APS
622/2016	20/04/2016	Orde de execución por vertidos de auga á vía pública desde finca situada en Castrobó, Anceis propiedade de MMGC
623/2016	20/04/2016	Recheo de finca e colocación de tubos de formigón na cuneta, sen licenza nin solicitude en finca situada en Meixigo, Cambre propiedade MJMR
624/2016	20/04/2016	Expediente sancionador 2016/I001/000010 por recheo de finca e colocación de tubos de formigón na cuneta, sen licenza nin solicitude en finca situada en Meixigo, Cambre a MJMR
625/2016	20/04/2016	Expediente de disciplina urbanística 2016/I002/000002 pola realización de obras de tabicado e recebo do balcón da vivenda

		situada en Peirao, Bribes, a JMM
626/2016	20/04/2016	Expediente de disciplina urbanística 2016/1001/000007 pola realización de obras de tabicado e recebo do balcón da vivenda situada en Peirao, Bribes, a JMM
627/2016	20/04/2016	Iniciar expediente de orde de execución por existencia de árbores en talude en parcela cercana á finca situada en urb. Viña da Cruz, Cambre que poden causar danos a propiedades lindoiras, AMF
628/2016	20/04/2016	Recoñecemento de obrigas correspondentes a axudas de emerxencia social así como do seu pagamento (MCDV e máis) por importe total de 4.763,21 euros
629/2016	20/04/2016	Reparto semestral de horarios para uso locais de ensaio musical período: abril a setembro 2016
630/2016	20/04/2016	Aprobar a xestión padroal do mes de xaneiro de 2016
631/2016	20/04/2016	Conceder a axuda recibo aluguer por importe de 300 euros. Solicitante: MRPM
632/2016	21/04/2016	Conceder axuda recibos de aluguer por importe total de 490,00 euros. Solicitante: VLGS
633/2016	21/04/2016	Conceder axuda para dous recibos de aluguer por importe de 300 euros cada un. Solicitante: CCC
634/2016	21/04/2016	Conceder axuda recibo aluguer por importe de 442 euros. Solicitante: JLSL
635/2016	21/04/2016	Denegación axuda alimentación. Solicitante: EGLM
636/2016	21/04/2016	Denegación de axuda alimentación. Solicitante: DLF
637/2016	21/04/2016	Conceder a axuda vales alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MAR
638/2016	21/04/2016	Conceder a axuda vales alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: NLR
639/2016	21/04/2016	Conceder a axuda vales alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JMA
640/2016	21/04/2016	Conceder a axuda vales alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: RMDf
641/2016	21/04/2016	Conceder a axuda vales alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SSM
642/2016	21/04/2016	Expedientes sancionadores de tráfico: DII (P 3536)
643/2016	21/04/2016	Aprobar a proposta da programación Cultura no Camiño 2016. Aprobar un gasto total por importe de 8.015,70 euros
644/2016	21/04/2016	Aprobar a actividade CITYPLAN en Oporto do Programa ESTE FINDE TEÑO PLAN 2016. Autorizar un gasto máximo por importe total de 6.360,00 €

## **8º.- Informes doutros asuntos de área**

### **Informes da alcaldía**

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Visitou o concello o xerente do Consorcio das Mariñas don Miguel Angel Sandar, para tratar da actualización do censo e de diversas cuestións relacionados coa taxa pola recollida do lixo.
- Asistiu á xuntanza de alcaldes da área metropolitana da Coruña que tivo lugar o xoves, día 21 de abril no Pazo de Mariñán para a presentación do proxecto Edusi.

### **Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Servizos Sociais**

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez dá conta dos seguintes asuntos:

- No Concello de Cambre co aumento das distintas aplicacións de organismos oficiais que permiten a obtención de información e/ou a presentación de documentación, existe un número indeterminado do seu persoal que empregando a súa sinatura certificado dixital, previa autorización nalgúns casos ou trámites de alta sen máis, teñen acceso a información necesaria para realizar os procedementos do Concello.

Simplemente como exemplo: Intranet da Deputación, Eido Local, Ministerio Administración Pública, Seguridade Social, AEAT e autonómica, Catastro, Consultor, Delt@, RegCon, etc.

Na actualidade non existe ningún rexistro que dea a información necesaria de cara ao Concello de quen e para que ten acceso, algo que a Lei orgánica de protección de datos obriga a controlar, ¿quen, como e para que?

É necesario artellar un procedemento para que toda a organización do Concello:

- 1º.- Teña coñecemento de quen e a que ten acceso.
- 2º.- Sexa a persoa con competencia para a realización do trámite.
- 3º.- Control das autorizacións outorgadas en nome e representación do Concello.
- 4º.- Altas, baixas, suspensións ou incidencias co uso das autorizacións.

- En cumprimento da normativa vixente, todos aqueles que teñan no seu día a día relación con menores, deberán solicitar certificado de penais. Así mesmo, comunica aos concelleiros que teñan relación con menores que tamén o deben de cumprir.

### **Informes do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio**

Don Juan A. González Leirós dá conta dos seguintes asuntos:

Os días 19, 20 e 21 de abril asistiu á reunión, convocada polo Concello de la Coruña, onde se trataron temas de contido metropolitano e á constitución das mesas para o seu estudo.

As mesas previstas son:

- 1.- Mesa recuperación ambiental Ria Do Burgo e Bacía do Mero.
- 2.- Mesa para a coordinación do Planeamento Urbanístico.
- 3.- Mesa do Plan Integral metropolitano de Transporte e Mobilidade.
- 4.- Mesa da Xestión Integral dos residuos urbanos.
- 5.- Mesa da xestión do ciclo Integral da Agua.

## 6.- EDUSI Metropolitano.

A constitución destas mesas deuse o día 21 no Pazo de Mariñán coa asistencia de todos os alcaldes da área.

### **Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico**

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 18 de abril ás 10:00 realizou unha visita ao Centro Municipal de Formación debido aos problemas de goteiras que se produciron ao longo da fin de semana. Mirouse o estado do centro e deuse parte ao departamento de Obras e Servizos e ao concelleiro delegado da área Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio e a concelleira delegada da Área de Servizos e Xuventude.

Asemade, aproveitando a visita supervisáronse os traballos realizados polo alumnado do curso de soldadura TIG co docente.

- O día 20 de abril visitou o Centro Municipal de Formación para falar co alumnado do curso de "Piloto profesional de drones" para ver os resultados acadados nas probas de avaliación no exame final da parte teórica. Segundo o falado cos docentes o nivel do alumnado é moi alto e están moi satisfeitos co grupo de feito no primeiro exame aprobaron o 100%.

- O día 21 de abril, ante a petición do alumnado do curso "Piloto profesional de drones", de solicitar autorización do concello para poder impartir pola súa conta e custo 10 horas máis para rematar co curso avanzado, reuniuse co alcalde para tratar o tema e autorizar a ampliación do curso por considerar que é beneficioso para o alumnado e non suporá ningún custo para nós.

- O día 22 falou co xefe de servizo de Promoción Económica da Deputación provincial para tratar sobre o PEL (Plan de emprego local). En principio, comentou que soamente van poñer en marcha tres liñas de actuación:

1. PEL para concellos de menos de 20.000 habitantes para a contratación de persoal
2. Subvencións a contratación de persoal para as empresas da comarca
3. Habilitar espazos Coworking (centros compartidos para empresas, viveiros de empresas) nun municipio da comarca como experiencia piloto.

### **Informes da concelleira delegada da área de Servizos e Xuventude**

Dona Elisa Pestonit Barreiros dá conta dos seguintes asuntos:

- Moi boa valoración de Michael, o rapaz alemán que está a traballar na casa da Xuventude dentro do programa La Ida da Fundación Paideia. Implicase e axuda nas actividades e xa é un máis da Casa. Para a actividade Por fin é venres da pasada semana Michael organizou (baixo supervisión) un campionato de fútbol internacional. Conseguiu convocar, e animar a outros rapaces para participar e elaborar unhas normas básicas e sinxelas; como por exemplo o árbitro pode conceder un gol máis ó equipo que houbese xogado máis limpo favorecendo a deportividade. Os equipos que se formaron foron 4, un completamente composto por rapaces alemáns, outro composto por

rapaces latinos( así se denominaban), outro composto por rapaces do Club 11 caballeros e o último formado polos nenos habituais usuarios da Casa da Xuventude.

- O mércores 20 entraron en vigor os novos horarios dos locais de ensaio, segundo a reunión mantida cos usuarios fai dúas semanas.

- O luns 25 dou comezo o prazo de inscición para o Finde Náutico, dentro do programa este finde teño plan. Orientado a mozos de 18 a 30/35 anos. Dita actividade terá lugar do 13 ó 15 de maio. Inclúe windsurf e vela, con visita/excursión á Illa de Cortegada. O domingo haberá iniciación ao surf na praia da Lanzada.

- A finde pasada, entre os días 22 e 24 de abril, tivo lugar a visita a Oporto dentro do programa Cityplan. Moi boa valoración por parte dos usuarios. Houbo algún cambio na programación debido á prohibición por parte das autoridades portuguesas de navegar polo río, unha das actividades programadas. Solucionouse facendo outras actividades decidindo todos os usuarios en conxunto.

### **Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación**

Dona María Jesús Gómez González dá conta dos seguintes asuntos:

- Luns 18, Consello escolar da escola Infantil do Temple
- Martes 19, Consello escolar da escola infantil da Barcala
- Martes 19, Xuntanza da Comisión Intercentros das escolas infantís de Cambre

### **Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Tradicións Populares e Deportes**

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- Abrilustrado:

Biblioteca David Buján:

- Luns, día 18 de abril, IES David Buján, Guitián e Leandro: Humor gráfico 3ªA.
- Martes, día 19 de abril, IES David Buján, 3º B. Xosé Tomás, 3º B
- Mércores, día 20 de abril, IES David Buján, 3º C.

Biblioteca Xabier P. Docampo:

- Martes, día 19 de abril, IES Afonso X, Xosé Tomás.
- Xoves, día 21 de abril, Guitián e Leandro. Humor gráfico.
- Venres, día 22 de abril, David Prieto.
- Clubs de lectura:
- Luns, día 18 de abril, na biblioteca Os Templarios.
- Mércores, día 20 abril, na biblioteca central.

- Moucho Leroucho:

- Mércores, día 20 de abril, na biblioteca Os Templarios, dúas sesións, na primeira 38 nenos e 27 adultos. Na segunda sesión, 63 nenos e 45 adultos.
- Venres, día 22 de abril, na biblioteca Xabier P. Docampo, con 22 nenos e 32 adultos. Mércores, día 20 de abril, 50 nenos e 46 adultos.
- O sábado, día 23 de abril na biblioteca central, día do libro "Manuel María na túa voz".
- O xoves, día 21 de abril Cine club en Vila Concepción, cun coloquio charla con don Jorge Coira.
- O sábado, día 23 de abril, teatro no Centro sociocultural do Graxal, coa representación da obra teatral "Laura Mandarina. Laboratorio máxico". Con dúas sesións, pola mañá, 60 persoas e pola tarde 74.

#### **Informes da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade**

Dona Josefa Vázquez Soto dá conta dos seguintes asuntos:

- O venres, día 22 de abril, asistiu ao consello escolar do instituto Afonso X O Sabio, da Barcala.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido o artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co expediente de "*Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais*", incluído no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 como plan principal, sendo aprobada por unanimidade dos oito concelleiros asistentes á sesión.

#### **9º.- Proposta de aprobación do proxecto corrixido correspondente á obra "Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais", incluído no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 como plan principal**

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria e urxente do día 16 de marzo de 2016 acordou, entre outros asuntos, participar no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se inclúe, dentro do plan principal, a obra "*Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais*", e aprobar o correspondente proxecto técnico elaborado polo arquitecto Don Oscar Valcuende Rodríguez, cun orzamento de execución por contrata de 221.744,60 €.

Coa data do 15 de abril de 2016, recíbese escrito procedente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, de "Requirimento ao concello sobre a documentación presentada telematicamente na convocatoria PAI-OBRASSUM 2016" no que se require a subsanación das seguintes deficiencias atopadas:

“É preciso achegar ao documento Memoria a declaración expresa de tratarse dunha obra completa, segundo o que manifesta o artigo 124 do RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.



Carece do anexo na Memoria do Estudo Xeotécnico, ou no seu caso, de xustificación da non necesidade do mesmo, segundo o que dispón o artigo 123 do RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

O anexo da Memoria carece de documento relacionado co plan de traballo. Artigo 123 do RDL 3/2011, do 14 de novembro, así como artigo 132 do RD 1098/2001 do 12 de outubro e do RD 773/2015 do 28 de agosto.

É preciso determinar os custos directos e indirectos das distintas unidades de obras no anexo da Memoria: Xustificación de prezos. Artigo 130 RD 1098/2001 do 12 de outubro e do RD 773/2015 do 28 de agosto.

No orzamento describíense equipos con marcas comerciais, que debrán omitirse ou empregar o termo "ou semellante". Artigo 17 do TRLCSP.

Non figura na memoria o prazo de execución.

Igualmente, e respecto da supervisión técnica, non indican se as obras afectan á estabilidade, seguridade e estanqueidade, segundo o disposto no artigo 125 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público."

Visto o informe emitido por D. José Ramón Díaz Barbeito, arquitecto municipal, ao que se achega o proxecto corrixido segundo o requirimento de referencia.

Vista a Providencia do concelleiro-delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, de data 25 de abril de 2016 favorable á proposta de modificación do proxecto formulada polo arquitecto municipal.

Tendo en conta que é necesario que o proxecto corrixido estea na Deputación Provincial antes do día 27 de abril de 2016, e que o pleno ordinario será o vindeiro día 27 de abril, con base na delegación de competencias efectuada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo.

Vista proposta da Alcaldía, de data 25 de abril de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar o proxecto corrixido correspondente á obra "*Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais*", elaborado polo arquitecto Don Oscar Valcuende, cun orzamento de execución por contrata de 221.744,60 €, incluído no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 como plan principal.

Segundo: Elevar o presente acordo ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar, para a súa ratificación.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.



O presidente

Oscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López